

ASUNTO: Irregularidades na implantación do horario especial do servizo de atención telefónica.

Estimada Directora,

SIAT, UGT, CSIF, CCOO e CIG tivemos coñecemento da implantación dun horario especial non negociado coas organizacións sindicais vinculado ao modelo de información e asistencia e ao RECAT. As condicións de traballo nese horario están a ser pactadas de forma escura directamente entre os traballadores e traballadoras e os seus responsábeis xerárquicos, á marxe do acordado na negociación colectiva, vulnerando a normativa vixente.

Paralelamente, centos de compañeiras e compañeiros padecen continuos cambios de criterio na prestación do servizo de atención telefónica en horario de mañá, sen que se vexa recoñecido o seu traballo nin reducida a carga de traballo doutras tarefas asignadas. **As traballadoras e traballadores están fartos das ocorrencias e faltas de respecto profesional do equipo de dirección da AEAT!**

Como máxima responsábel da AEAT queremos poñer no seu coñecemento estas **prácticas irregulares, á fronte das cales están unha inspectora Xefa de Unidade recentemente chegada ao SEPRI e un inspector que é subdirector no Departamento de Recadación**, ambos cunha formación en materia de relacións laborais e recursos humanos entendemos que inexistente.

Os ideólogos do sistema de captación de persoas voluntarias, máis propio dunha ETT ou dunha organización pouco democrática que dunha administración pública seria, organizaron un grupo de comerciais conformado por cadros intermedios da AEAT, entre os cales hai algúns delegados de segundo nivel da AEAT (Teruel, Girona, Cádiz, Ourense, León...), cuxo labor é captar ás traballadoras e aos traballadores máis precarios dos seus ámbitos para que se apunten a traballar en condicións que se sitúan á marxe da normativa.

Numerosas traballadoras e traballadores puxéronse en contacto coas nosas seccións sindicais, alertándonos das ofertas clandestinas que lles estaban facendo chegar estes intermediarios. Ofréceselles 100 euros ao mes, ou ben non se ofrecen cartos e prométenlles máis teletraballo etc. Están a converter os centros de traballo nunha especie de "zoco" nos que se ofrecen clandestinamente produtividades e días de teletraballo á marxe de calquera procedemento legal. É dicir, **estes aventureiros están a importar á AEAT as peores prácticas laborais do sector privado**. Non aprendeu nada a actual dirección da AEAT do fracaso e o desbaldo de fondos públicos que supuxo a privatización errada do CAT?

Señora Directora Xeral, tendo en conta que este é un proxecto persoal seu, colla o touro polos cornos, fale cos directores do SEPRI e do Departamento de Recadación, e non permita que determinados cargos intermedios, sen coñecemento na materia, vulneren os acordos sindicais vixentes.

Algúns destes intermediarios están a realizar ofertas laborais enganosas ao persoal, facéndolles crer que están a asinar clandestinamente un posto H10. Como vostede ben sabe, o H10 é un horario especial reservado exclusivamente ás traballadoras e traballadores destinadas nas ADIs e ninguén pode facer horarios especiais fóra dos supostos establecidos e taxados no Acordo de Xornada e Horarios de 2003 asinado polas organizacións sindicais e a AEAT.

NON EXISTE NINGÚN HORARIO ESPECIAL DE 12:00H A 19:00H QUE NON SEXA O H10. Para poder acceder a un horario H10, ditas prazas deben ofertarse nun procedemento de provisión de postos que respecte os principios de igualdade, mérito, capacidade e transparencia. Nunca imos admitir que a AEAT se converta nunha administración escura onde

se provisionan os postos e se pactan as retribucións nunha folla sen cabeceira oficial entre un xefe e unha traballadora ou traballador!

Cando as persoas ás que se lle fan estas propostas piden a eses intermediarios que lles remitan as súas ofertas por escrito ao seu correo electrónico ou que lla entreguen impresa nun documento oficial, estes néganse aducindo que recibiron instrucións segundo as cales a *"adhesión realizárase mediante un formulario para encher en papel en cada unha das oficinas"* e devandito formulario *"non se deberá remitir por correo electrónico"*. É dicir, quen ideara este sistema de captación de persoas voluntarias coñecen que están a actuar á marxe da norma, e pensan que ao non utilizar medios tecnolóxicos na adhesión, as súas irregularidades non van deixar pegada. Que inxenuidade!, no tempo dos smartphones, onde as gravacións de son están á orde do día, empregan métodos propios de Mortadelo e Filemón. **Este persoal directivo da AEAT parece descoñecer que o día despois de traballar fóra dun horario, alguén vai ter que validar ese horario coa súa sinatura de empregado público e no fin de mes alguén vai ter que asinar unha nómina, aboando unhas retribucións que non foron negociadas onde corresponde.**

SIAT, UXT, CSIF, CCOO e CIG consideramos estes feitos gravísimos, tanto por parte deste persoal directivo que dá as instrucións como por parte dos cadros intermedios que cómpren ditas instrucións a sabendas de que **actúan á marxe dos acordos sindicais vixentes, que como vostede coñece, teñen forza de lei no noso ámbito.**

O artigo 37 do EBEP establece que son materia obxecto de negociación coas organizacións sindicais, entre outras:

- A determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios.
- As que afecten as condicións de traballo e ás retribucións dos funcionarios, cuxa regulación exixa norma con rango de lei.
- As referidas ao calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como aos criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos.

Por outra banda, o teletraballo carece de soporte legal para ser realizado fóra das xornadas establecidas na lexislación vixente, tal e como se está ofrecendo a algunha compañeira ou compañeiro "voluntaria", polo que ninguén pode autorizar incidencias de xornada en teletraballo á marxe da normativa vixente, nin xustificar ausencias fóra do horario ordinario ou dos horarios especiais do Acordo de 2003. De ser así, a persoa "autorizadora" podería estar a realizar unha actuación irregular no exercicio das súas funcións como empregado público. Con todo, se vostede considera ético que os seus directivos compren ás traballadoras e aos traballadores xustificando calquera horario en teletraballo para satisfacer as súas necesidades, entenderá que **calquera dos 27.000 traballadores e traballadoras da AEAT estará lexitimado para exixir teletraballar nas mesmas condicións de xornada e horario que este "persoal voluntario"**.

Finalmente, como organizacións que ostentamos o **100% da representación social da Comisión de Seguimento do PIA**, sabemos que a participación e cumprimento de requisitos do PIA está absolutamente vinculada ao cumprimento dos horarios establecidos no Acordo de 2003, tal e como nos lembra todos os anos a Intervención, carecendo quen autorice o pago do PIA de soporte legal para abonar a devandita produtividade a quen incumpra o acordado no Acordo do PIA 2024 e no Acordo de Xornada e Horarios de 2003.

Por todo o anterior **SOLICITAMOS** que, conxuntamente coa dirección do SEPRI e o Departamento de Recadación, dean instrucións á Xefa de Unidade do SEPRI e ao subdirector do Departamento de Recadación para que, á súa vez, as transmitan a quen colabore con eles neste conxunto de

irregularidades, co obxectivo de cesar nas mesmas de forma inmediata garantindo os seguintes puntos:

- Que todas as traballadoras e traballadores **cumpran coa xornada establecida no Acordo de Horarios de 2003.**
- Que **ningún responsábel da AEAT xustifique horarios que non estean apoiados pola normativa vixente.**
- Que informe aos traballadores e traballadoras "voluntarias", así como aos responsábeis de RRHH das delegacións afectadas, das **consecuencias que pode ter o incumprimento dos horarios establecidos no Acordo de Horarios de 2003** a efectos disciplinarios e de retribucións, en particular do PIA, posto que o cadro de persoal non foi informado correctamente.

En caso de persistir estas prácticas, que vulneran os dereitos das traballadoras e dos traballadores e o marco de boa fe que debe rexer as relacións laborais, reservámonos o dereito de acudir aos órganos xudiciais para defender os dereitos do cadro de persoal da AEAT, así como a **denunciar a calquera responsábel da AEAT que realice calquera actuación á marxe da normativa vixente no exercicio das súas funcións e competencias como empregado público.**

Esperamos que o comité de dirección lle permita retornar á senda do sentido común e poidamos negociar as condicións de prestación do servizo de atención telefónica, tanto en horario de mañá como de tarde.

Unha inmensa maioría das traballadoras e traballadores da AEAT non está disposta a asumir a falta de ética que representa este modelo baseado nun absoluto desprezo profesional ao cadro de persoal, que ha de estar disposto a facer calquera cousa a cambio de migallas que lle permitan sobrevivir á precariedade que nos levou a pésima xestión de recursos humanos dos últimos anos, mentres seguen mantendo privilexios aos Delegados territoriais e ás súas familias, reservándolles, a cargo do erario público, amplas vivendas nos centros das cidades coas súas correspondentes prazas de garaxe.

Sen outro particular,

Confederación Intersindical Galega

AEAT

SIAT

UGT

CSIF

CCOO

CIG

Manuel Porras Calva

Secretario General de SIAT

info@sindicatosiat.com

Antonio García Soto

Responsable nacional UGT – AEAT

ugtaeat@gmail.com

Antonio Agustín Muñoz García

Responsable nacional CSIF – AEAT

central.aeat@csif.es

Francisco Tamargo Riestra

Responsable nacional CCOO – AEAT

aeat.estatal@fsc.ccoo.es

Xosé Henrique García Outeiral

Responsable de CIG-AEAT

cigaeat@gmail.com